



11 XUÑ. 2012

NÚMERO

13900 SAÍDA

O 9 de decembro de 2011 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que foi desenvolvido pola Orde do 20 de marzo de 2012 (DOG do 29 de marzo). Deste xeito estableceuse un novo marco procedural e unhas liñas e criterios que permitirán a ordenación do Sistema Universitario de Galicia de xeito racional e acorde coas necesidades da nosa comunidade.

De cara a facilitar a labor de planificación, reordenación e elaboración de propostas de futuras titulacións a implantar nas universidades do SUG, a secretaría xeral de Universidades remite *Instruccións relativas á aplicación da regulación contida no Decreto 222/2011, do 2 de decembro e na Orde do 20 de marzo de 2012, sobre ensinanzas universitarias oficiais no SUG*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2012

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

Xosé Luis Armesto Barbeito
Reitor da Universidade da Coruña



INSTRUCCIÓNES RELATIVAS Á APLICACIÓN DA REGULACIÓN CONTIDA NO DECRETO 222/2011 DE 2 DE DECEMBRO E NA ORDE DE 20 DE MARZO DE 2012 SOBRE ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS NO SUG

O 9 de decembro de 2011 publicouse no DOG o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que foi desenvolvido por Orde do 20 de marzo de 2012 (DOG do 29 de marzo). Deste xeito estableceuse un novo marco procedural e unhas liñas e criterios que permitirán a ordenación do Sistema Universitario de Galicia de xeito racional e acorde coas necesidades da nosa comunidade.

Así, o capítulo II do mencionado decreto regula os “*Criterios xerais para a planificación universitaria*”, establecendo os requisitos xerais e específicos que deberán cumplir os títulos oficiais que as universidades do SUG pretendan implantar.

Por outra banda, o capítulo III, regulador do procedemento para implantación de ensinanzas universitarias oficiais, establece a necesidade de contar cun informe previo de envío a verificación, que deberá ser emitido polo departamento competente en materia de universidades, e mediante o cal “*comprobarase a pertinencia socioeconómica das ensinanzas universitarias oficiais propostas, mediante a sua adaptación aos principios, requisitos xerais e específicos recollidos neste decreto*” (artigo 8).

Para os efectos de obter o mencionado informe, as universidades deberán remitir, con data límite do 14 de novembro do ano anterior ao que se queira implantar a titulación proposta, as solicitudes de informe previo de envío a verificación acompañadas da documentación especificada no artigo 9 do Decreto 222/2011.

Unha vez completada a documentación, a Secretaría Xeral de Universidades, valorará a pertinencia socioeconómica da titulación proposta e emitirá o informe no prazo de 3 meses. A tal fin poderá remitir á ACSUG as memorias xustificativa e económica das propostas presentadas para que, no prazo de 20 días, se pronuncie sobre a adecuación aos criterios establecidos no Decreto 222/2011.



O informe previo de envío a verificación poderá ser favorable ou incluír recomendacións ou suxestións que permitan a adecuación das titulacións propostas aos principios e requisitos establecidos no decreto e a non adecuación a estes, será causa suficiente para que a Comunidade Autónoma non autorice a implantación da titulación proposta (artigo 10).

Sendo así, de cara a facilitar ás universidades do SUG a labor de planificación, reordenación e elaboración de propostas de futuras titulacións a implantar, a Secretaría Xeral de Universidades, estima conveniente ditar as seguintes instrucións:

PRIMEIRA.- *Especialización dos campus*

Co fin de potenciar a singularidade dos campus dentro do SUG, a universidade, tendo en conta as fortalezas preexistentes e as demandas do contorno territorial no que se asenta, procederá á especialización de cada campus, de xeito que se favoreza a resposta ás inmediatas demandas socioeconómicas e se facilite e impulse o papel dinamizador da universidade.

Deste xeito as novas propostas presentadas xustificarán o seu encadre na oferta global da propia universidade e na xeral do SUG, garantindo a súa vez, o equilibrio territorial. Calquera proposta de modificación das titulacións existentes contemplará, na medida do posible, o seu encaixe nas liñas de especialización do campus respectivo.

SEGUNDA.- *Racionalización da oferta existente por ramas de coñecemento e campus*

Cada universidade, seguindo os procedementos internos para elo establecidos, procederá a planificar a oferta existente en cada rama de coñecemento e campus, de xeito que se posibilite a formación universitaria en todos os niveis: grao, máster e programa de doutoramento. O proceso de racionalización tenderá ao axuste da oferta para acadar un número equilibrado de títulos ofertados en cada un dos niveis, para o cal terase en conta o nivel de cumprimento dos requisitos esixidos no capítulo II do Decreto 222/2011 por cada unha das titulacións afectadas.

Así mesmo, terase en conta, na medida do posible, á especialización do campus no que se encadran.



TERCEIRA.- Carácter integrador dos planos de estudio

A totalidade dos planos de estudio serán integradores no sentido de incluir o maior número posible de equipos e grupos de distintas titulacións ou áreas de coñecemento.

CUARTA.- Mellora da calidad e da pertinencia das titulacións

Co obxecto de adecuar os programas de estudio ás cambiantes necesidades socioeconómicas e anticipar os perfís profesionais do futuro, de acordo coas recomendacións da Comisión Europea do 20 de setembro de 2011, valorarase a participación dos empregadores e das institucións do mercado de traballo na concepción, posta en práctica e control dos diferentes planos de estudio.

QUINTA.- Previsión da aplicación dos criterios aos graos existentes

En previsión da aplicación do Decreto 222/2011 (Disposición transitoria primeira), ás titulacións de grao xa existentes, con carácter previo ao inicio do curso 2015-2016 deberán realizar as modificacións, fusións de titulacións ou proposta de supresión, de xeito que se cumpran os requisitos esixidos no Capítulo II. O prazo límite para presentar as solicitudes para as ditas modificacións será o 14 de novembro de 2014.

Para facilitar e coordinar estas propostas reuniranse periodicamente os titulares das vicerreitorías responsables de titulacións de cada universidade, representantes da ACSUG e da Secretaría Xeral de Universidades, estudiando de xeito individualizado cada unha das titulacións de grao que se atopen nunha situación de falta de demanda mínima. Asegurarase unha axeitada programación temporal da proposta así como a súa idoneidade e oportunidade e valorarase o grao de colaboración entre universidades e institucións.

SEXTA.- Implantación progresiva de novas titulacións

A implantación de novas titulacións nos cursos 2013-2014 e 2014-2015 centrarase na adecuación dos programas de doutoramento ao disposto no Real Decreto 99/2011, na reorganización de titulacións de máster para a súa adecuación aos requisitos esixidos no Decreto 222/2011 e na posible implantación de graos que xurdan dunha fusión ou reorganización da actual oferta de títulos de grao ou contribúan ao equilibrio territorial.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

SÉTIMA.- *Valoración positiva*

O cumprimento do establecido nas presentes instrucións será valorado de xeito positivo á hora de emitir o preceptivo informe previo de envío a verificación de cada unha das propostas presentadas.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2012

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro